

## SOLUCIONES SEMANA 20-24 ABRIL, 2020

### 4º ED. PRIMARIA

---

LUNES 20 ABRIL, 2020

---

- **L. GALEGA**

1. Ordena estas palabras tal e como aparecen no dicionario e busca aquelas que non coñezas o seu significado. Lembra de o que vos digo sempre: “se non sei o que significa unha palabra, búscalo no dicionario”. Ánimo!

cabana     sobrado     sebe     corredor     claraboia

**Solución: cabana, claraboia, corredor, sebe, sobrado.**

2. Como buscarías as seguintes palabras no dicionario?

- Ordenadores (nome): [ordenador](#).
- Libreira (nome): [libro](#).
- Doador (adxectivo): [doado/a](#).
- Escollín (verbo): [escoller](#).
- Aplaudimos (verbo): [aplaudir](#).

**UN POUQUÍÑO MÁIS DIFÍCIL....**

3. Con cal destas tres formas atoparás cada palabra no dicionario? Escolle e explica por que.

- irmáns- irmán- irmás: [irmán](#). Porque é un nome e temos que buscalo no [dicionario en masculino, singular](#).
- estreitas- estreita – estreito: [estreito](#). Porque é un adxectivo e temos que buscalo no [dicionario en masculino, singular](#).
- escollendo – escolles – escoller: [escoller](#). Porque é un verbo e no dicionario se recolle no seu infinitivo.

## OS SINÓNIMOS E OS ANTÓNIMOS

---

### ACTIVIDADES

---

1. Marca cal das seguintes palabras son sinónimas de coller.

- Agarrar
- Estragar
- Suxeitar
- Buscar
- Levar
- Apañar

2. Substitúe a palabra destacada por un sinónimo. Non é necesario que volvas a escribir a frase, soamente a palabra.

- Nós **xantamos** á unha en punto. *Comemos.*
- A crema de mexillóns está **saborosa**. *Rica, gustosa.*
- Pon o **mantelo** para non te lixar. *Mandil.*


3. Substitúe cada palabra destacada por unha palabra antónima.

A película foi bastante **curta** e moi **aburrida**. Ademais os efectos especiais eran **malísimos**. **Ignoro** quen a dirixiu. Resumindo, será un **fracaso** seguro.


- longa
- divertida
- boísimos
- Sei
- éxito

4. Relaciona segundo corresponda.

ANTÓNIMOS



SINÓNIMOS



- L. GALEGA

**COMPETENCIA LECTORA: “O laboratorio maldito”.**

**1. Responde as seguintes preguntas sobre a lectura.**

- Quen lle regalou o balón a Iván?  
A avoa.
- Que pensou Anxo que tiña escrito o balón?  
Unha sinatura dun futbolista.
- Que poñía na dedicatoria?  
Poñía: “Para o meu carrapucheiriño”
- Desgustáballe a Iván esa dedicatoria? Por que o pensas?  
Si, porque dáballle vergoña. Pensaba iso porque quixo borrarla.

**2. Lembra e contesta:**

- Onde estaban Anxo e Iván co balón?  
Estaban no patio.
- A onde foi parar cando o xudou Anxo?  
Foi parar ao primeiro piso do colexio, á venta do laboratorio.
- Por que era importante para Iván recuperalo?  
Porque non quería que a directora, cando descubrira o balón, dixera:  
“Carrapucheiriño García Reboredo, preséntese na dirección”.
- Que segredo descubriron os dous nenos sobre o laboratorio?  
Os nenos descubriron que o laboratorio semellaba unha gorida dun alquimista sinistro. Chea de tubos, bichos mortos. Había tamén, unha fita móbil que transportaba residuos de lixo que se metían nunha máquina que chuspía arreo barras de pan.

3. **Completa o recitado da Superavoa. Despois, explica:**

Polo poder do **caldo**  
que todo quede **asolado**.

Polo poder das **filloas**,  
amáño con cousas **boas**.

- Cando apareceu a avoa e por que?  
A avoa apareceu de súpeto cando Lili von Struga díxolles que aos nenos impertinentes convertíaos en boliñas de manteiga.
- Para que pronunciou estas palabras?  
Para que aparecera a socorrelas.
- Que ocorreu a continuación?  
A Superavoa comezou a xirar sobre si ata converterse nun tornado.

4. **Le o texto deste globo e explica.**

Perdiches un balón,  
pero vas gañar un monte de amigos.  
E borráronse as pegadas  
do carrapucheiriño.

- Quen lle di isto a Iván?  
Anxo.
- En que momento da historia o di?  
Ao final.

- Por que lle fai o comentario?

Porque a Superavoa conseguira converter o espazo nunha cociña e que Lili von Struga se fora para non volver nunca máis.

## PALABRAS POLISÉMICAS

---

### **PON EN PRÁCTICA!**

1. Rodea as palabras que sexan polisémicas. Para poder comprobar que a túa resposta é correcta, podes usar o dicionario. Tendo en conta, como aparecen as palabras polisémicas no dicionario.

Vouche dar unha pista, hai sete palabras polisémicas.

outubro	aire	mércores	cadeira
estación	paraugas	ficha	xel
pata	xampú	cadea	baño

Palabras polisémicas: [aire](#), [baño](#), [cadea](#), [cadeira](#), [estación](#), [ficha](#) e [pata](#).

2. Explica o significado das palabras destacadas. Que outro sentido poden ter?  
Escribe unha oración.

- A tía Lola non daba metido o fío polo **ollo** da agulla.

Significado: [Burato ou cavidade de certas cousas por onde se introduce ou pasa algo.](#)

Outro sentido: [Órgano do sentido da vista.](#)

Oración: [Resposta libre.](#)

- Cando vai calor, apago a sede con auga e comendo **polos**.

Significado: Tipo de xeador cun pau que sobresaia pola parte inferior, por onde se colle para tómalos.

Outro sentido: Cada un dos dous extremos do eixe imaxinario de rotación da Terra (Polo Norte e Polo Sur) ou doutra esfera calquera.

Oración: Resposta libre.

- L. CASTELLANA

- Adivinanza de Gloria Fuertes:

*“Va montado en un borrico.*

*Es bajo, gordo y con panza.*

*Amigo de un caballero de escudo y lanza.*

*Sabe refranes, es listo. ¿Quién es?”*

Solución: [Sancho Panza](#)

- Después de escuchar “la historia de los molinos”, haz un breve resumen y un dibujo:

[Respuesta libre](#)

- Refranes



Este refrán nos quiere decir, que la lectura y el viajar nos hace más sabios.



• **NO DEJES PARA** •  
**MAÑANA**  
**LO QUE PUEDES HACER**  
**HOY.**

Este refrán nos quiere decir, que dejemos la pereza a un lado, realizando las tareas y el trabajo al día; no poniéndonos excusas para hacerlo.